



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicología: Fundamentos psicológicos da intervención temperá

Materia	Psicología: Fundamentos psicológicos da intervención temperá			
Código	O05G110V01304			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicología evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Iglesias Sarmiento, Valentín			
Profesorado	Iglesias Sarmiento, Valentín			
Correo-e	visarmiento@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia inclúe competencias básicas para o futuro exercicio profesional do/a Mestre/a de Educación Infantil e competencias máis instrumentais, especialmente relacionadas coa detección, prevención e intervención temperá en dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudiantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudiantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicológicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promóvela no estudiantado.
C3	Coñecer os fundamentos de atención temperá.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e da docente na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión	A1 A2 A4	B6	C4	D7
Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantil. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia	A1 A2	B8	C3 C4	D15
Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida	A1 A2	B11	C8	D7
Actuar como orientador/a de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada alumno/a e co conxunto das familias	A1 A2 A4	B10	C8	D7
Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelos no alumnado	A1 A2 A3	B11	C3	D9 D15

Contidos

Tema	
Marcos teórico-conceptuais da intervención temperá	Contextualización. O novo modelo da atención temperá. Áreas diagnósticas. Trastornos específicos
Ámbitos da intervención temperá	Aspectos previos. Características. Obxectivos. Destinatarios. Niveis de intervención.
Procedementos de avaliación psicoeducativa no ámbito da intervención temperá	Conceptos xerais. Avaliación do TDAH. Avaliación da Discapacidade motora. Avaliación do Trastorno do Espectro Autista. Avaliación da Discapacidade Intelectual. Avaliación da discapacidade sensorial. Avaliación dos trastornos da linguaxe.
Procedementos de intervención temperá baseados en procesos cognitivos	Conceptos xerais. Intervención no TDAH. Intervención na Discapacidade motora. Intervención no Trastorno do Espectro Autista. Intervención na Discapacidade Intelectual. Intervención na Discapacidade sensorial. Intervención nos trastornos da linguaxe.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	0	22
Traballo tutelado	8.5	6.5	15
Aprendizaxe baseado en proxectos	8	27	35
Aprendizaxe colaborativa	12	44	56
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo e discusión guiada sobre os devanditos contidos
Traballo tutelado	Resolución de tarefas dirixidas e propostas polo profesor/a acerca dos contidos da materia para profundar coñecementos ou aclarar conceptos básicos
Aprendizaxe baseado en proxectos	Resposta eficaz a situacións problema expostas en relación ao desenvolvemento e intervención temperá en base a distintas metodoloxías e sistemas de actuación educativa
Aprendizaxe colaborativa	Identificación e descrición das características cognitivas e educativas de diferentes casos de trastornos do desenvolvemento e dificultades de aprendizaxe para deseñar actuacións preventivas e de intervención

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Presentación temática. Tutorías.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en pequenos grupos ao redor de casos prácticos con necesidades específicas de apoio educativo.
Traballo tutelado	Reunións en pequenos grupos
Aprendizaxe baseado en proxectos	Formulación dunha situación práctica de aula a resolver vinculada á atención temperá

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Resolución de tarefas dirixidas e propostas polo profesor/a acerca dos contidos da materia para profundar coñecementos ou aclarar conceptos básicos	10	A1 B6 D7 B8 D15 B10 B11
Aprendizaxe baseado en proxectos	Resposta eficaz a situacións problema expostas en relación ao desenvolvemento e intervención temperá en base a distintas metodoloxías e sistemas de actuación educativa	20	A1 B6 D7 A2 B8 D15 A4 B10 B11
Aprendizaxe colaborativa	Identificación e descrición das características cognitivas e educativas de diferentes casos de trastornos do desenvolvemento e dificultades de aprendizaxe para deseñar actuacións preventivas e de intervención	40	A1 B6 D7 A2 B8 D15 B10 B11
Exame de preguntas obxectivas	Resolución de preguntas tipo test de opción múltiple.	30	A1 B6 C3 D7 A2 B8 C4 D9 A4 B10 C8 D15 B11

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade dentro do espazo "datas de exames".

Os traballos entregaranse na mesma semana en que se termine o tema e de forma previa ao comezo do tema seguinte.

Para superar a materia é necesario ter aprobadas a parte teórica (avaliada coa proba obxectiva) e todas as actividades da parte práctica (inclúe traballo tutelado, aprendizaxe baseado en proxectos, e os estudos de caso realizados de forma colaborativa).

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose aprobadas, polo tanto, nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Na plataforma Moovi informarase das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aranda, R., **Atención temprana en Educación Infantil.**, Wolters Kluwer, 2011

Díaz, C., **Guía básica sobre atención temprana y transformación. Cuadernos de buenas prácticas.**, Plena Inclusión, 2019

Escorcía, C. T., & Rodríguez, L., **Prácticas de atención temprana centradas en la familia y en entornos naturales**, UNED, 2019

Robles, M.A. & Sánchez-Teruel, D., **Evaluación e intervención en atención infantil temprana. Hallazgos recientes y casos prácticos.**, Universidad de Jaén, 2011

Bibliografía Complementaria

Aierbe-Barandiaran, A, **Intervención psicopedagógica en los trastornos del desarrollo.**, Aljibe, 2005

Alba, C., **Diseño universal para el aprendizaje: un modelo teórico-práctico para una educación inclusiva de calidad.**, 3(9), 55-66, Participación educativa, 2019

Alcantud, F., **Trastornos del Espectro Autista: detección, diagnóstico e intervención temprana.**, Pirámide, 2013

Aranda, R., **Atención temprana en Educación Infantil.**, Wolters Kluwer, 2011

Balcells, A., Mas, J., Baqués, N., & Giné, C., **Atención temprana y educación inclusiva.**, UNED, 2019

Barkley, R., **Niños hiperactivos. Cómo aprender y atender sus necesidades especiales.**, Paidós, 2002

Bassedas, E., **Alumnado con Discapacidad Intelectual y Retraso en el Desarrollo.**, Graó, 2010

Botías, F., Higuera, A. M. & Sánchez, J. F., **Necesidades Educativas Especiales: planteamientos prácticos.**, Wolters Kluwer, 2012

Frutos, J., **Caminando a través del TDAH.**, Pirámide, 2020

Gómez, A., Viquer, P. & Cantero, J., **Intervención temprana. Desarrollo óptimo de 0 a 6 años.**, Pirámide, 2003

Mesibow, G., & Howley, M., **El acceso al currículo por alumnos con trastornos del espectro del autismo: uso del programa TEACCH para favorecer la inclusión.**, Autismo Ávila, 2010

Miranda, A., **Manual práctico de TDAH**, Síntesis, 2011

Plena Inclusión, **Hacia la puesta en marcha de un currículum multinivel**, Plena inclusión, 2020

Rosell, C., Soro-Camats, E., & Basil, C., **Alumnado con discapacidad motriz.**, Graó, 2010

Tomlinson, C.A., **Estrategias para trabajar con la diversidad en el aula.**, Paidós, 2005

Torrego, J. C., & Monge, C., **Inclusión educativa y aprendizaje cooperativo.**, Síntesis, 2019

Vidal, M., **Estimulación temprana (de 0 a 6 años). Desarrollo de capacidades, valoración y programas de intervención.**, CEPE, 2007

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual/O05G110V01903

Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo/O05G110V01904

Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral/O05G110V01905

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/O05G110V01305

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/O05G110V01205

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos/O05G110V01104

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
